

Títulos propios de

CAPACITACIÓN

DIXITAL

Transporte, loxística e mobilidade

MATRÍCULA GRATUÍTA

Títulos propios da Universidade de Vigo (15 ECTS)
Sen necesidade de ABAU ou formación universitaria previa

Varias edicións ata 2025

Máis información:
cpfp.uvigo.gal



Títulos propios

CAPACITACIÓN DIXITAL

Transporte, loxística e mobilidade

Matrícula gratuita



O Campus Aberto da Universidade de Vigo vén de captar una importante financiación do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para a formación en competencias dixitais no eido do transporte, mobilidade, loxística e operacións e mantemento das infraestruturas, que permitirá acceder ás persoas traballadoras, estudantado ou persoas demandantes de emprego, a formación universitaria totalmente gratuita.

*Cursos de capacitación dixital
100% subvencionados no eido do
transporte, mobilidade e loxística*

Esta convocatoria está enmarcada no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia é financiada polo Fondo Europeo de Recuperación - Next Generation EU.

As seis titulacións contarán con varias edicións dende outubro de 2023 ata xuño de 2025, e impartiranse entre Vigo e Ourense. Ademais, a maioría das titulacións impartiranse tamén en modalidade virtual síncrona.

> Para máis información <https://cpfp.uvigo.gal>

> Inscríbete no noso boletín de novidades <https://bit.ly/FormularioCampusAberto>

Destinatarios

Abertos a toda a cidadanía europea ou residentes no territorio español, sen necesidade de ter superada a ABAU ou sen necesidade de formación universitaria previa. Consulta as condicións.

Campus de Vigo

Tecnoloxías de dixitalización aplicadas á loxística industrial (15 ECTS)

Impartirase na Escola de Enxeñaría Industrial, na súa sede do campus, e formará o alumnado nas solucións de dixitalización e automatización de almacéns loxísticos e nos sistemas de simulación aplicados ao movemento de produtos nas instalacións. Con prácticas no laboratorio de manutención e loxística industrial das instalacións da universidade, é o escenario perfecto para completar a formación en sistemas de transporte autónomos AGV, aplicacións e sistemas robotizados, xemelgos dixitais, control de datos e interconectividade, IoT (“Internet of Things”)...
> Modalidade: presencial

Innovación no modelo de negocio da nova mobilidade (15 ECTS)

A Facultade de Comercio na cidade de Vigo impartirá esta acción formativa. É unha aproximación dende as ciencias sociais aos retos que presenta a mobilidade do futuro prestando especial atención á cultura emprendedora, aos novos modelos de negocio e á innovación no desenvolvemento de solucións de mercado e novas propostas de marketing.
> Modalidade: semipresencial ou virtual síncrona

Campus de Ourense

A Escola Superior de Enxeñaría Informática acollerá catro titulacións. O alumnado poderá acudir de forma presencial ou ben atender ás clases de forma virtual (dende calquera lugar de España).

Transformación áxil das organizacións (15 ECTS)

Este curso permitirá que os e as profesionais apliquen técnicas e metodoloxías de xestión e transformación áxil nas súas organizacións, facendo énfase no referente ao transporte, loxística e mobilidade. Mellorando a calidade do proceso as organizacións terán un mellor control do mesmo, adquirindo máis capacidade de predición, control de tempos e redución de custos.

> Modalidade: presencial ou virtual síncrona

Infraestrutura de datos aplicados ao sector do transporte (15 ECTS)

O alumnado formarase para entender a arquitectura de datos e as ferramentas necesarias para a súa manipulación e explotación, repasando as novidades e tendencias referentes ao transporte, loxística e mobilidade. Aproveitar a xestión de datos das empresas para optimizar as operacións e analizar os datos de cara á toma de decisións.

> Modalidade: presencial ou virtual síncrona

Dixitalización do sector transporte e loxística (15 ECTS)

Esta formación atende ás necesidades do sector que requiren dunha transformación dixital sen deixar de lado as cuestións éticas e políticas do proceso. Trataranse solucións como e-transport documents, eCMR, sistemas de etiquetaxe dixital, xestión asistida de almacén, contable e de planificación de rutas, ERPS, tacógrafo dixital ou o intercambio electrónico de datos EDI.

> Modalidade: presencial ou virtual síncrona

Comunicación dixital para a mobilidade (15 ECTS)

Neste curso, as persoas participantes adquiriran a capacidade de entender e aplicar as novas estratexias de comunicación para crear novos modelos de negocio e oportunidades. Os avances na dixitalización, como a xeolocalización ou a inmediatez das novas canles de comunicación, permiten crear experiencias de usuario únicas e personalizadas, e medir ou rexistrar a actividade de cara a mellorar a interacción co usuario e futuras comunicacións.

> Modalidade: presencial ou virtual síncrona